

DOR(es)

Existen moitos tipos de dor na vida.

A dor de perder a alguén querido,
a dor de non recoñecer o teu propio valor,
a dor de permanecer nun lugar,
onde sabes que acabarás sufrindo,
e a dor máis silenciosa: aquela que non descubres
ata que alguén che pregunta se estás ben.

A dor é parte da experiencia.
Sen ela, nada aprenderíamos.
E se nada aprenderamos,
que sentido tería a vida?

Algunhas persoas non comprenden o que significa perder
a quen amas con todo o teu ser... ata que o perden.
Eu, pola miña banda, aínda sigo agardando esa chamada.
Agardo escoitar de novo a primeira palabra,
ese alcume que sempre me fará pensar nela.
Esa persoa foi, é e será esencial na miña vida.

Por iso, cando alguén que nunca o viviu me pregunta se estou ben,
non sabe o que realmente significa.
Non sabe o duro que é aceptar que alguén
importante se fose, e aínda así seguir
agardando que un día entre pola porta,
me mire como adoitaba facelo...
e me envolva nuns deses abrazos fortes
que aínda sinto na memoria.

SEGREDOS ENTRE RISAS

Cada risa túa faime xirar,
e aínda que digas que nada vai pasar,
os teus bicos e bromas fanme soñar,
con momentos que ninguén pode mirar.

Ségume en segredo, pregúntasme ao pasar,
a onde vou, que fago, sen descansar.
Cada xesto teu faime tremer,
e aínda que digas “só amigos”, algo quere falar.

Contáchesme sombras que poucos ven,
historias gardadas que o mundo non ten.
E eu síntome especial tamén,
porque contigo, todo doe e todo vén.

Ross está na túa mente, sábeo ben,
pero as túas risas comigo rompen o edén.
Barcelona sepáranos, pero o tempo é cruel,
e mesmo na distancia síntote tan fiel.

Ti e máis eu, un xogo que ninguén entendeu,
bicos agochados que o meu corazón gardou.
Quizais volva o verán e todo cambiará,
pero por agora, este segredo nos abrazará.

SORRISOS ROTOS

Deille as miñas risas, os meus pasos, o meu agarimo,
soñei en segredo que era comigo.
Pero o seu rumbo buscou outra voz,
e eu quedei nas sombras, axudando a ambos dous.

ACEPTACIÓN

Cun auricular nun oído,
na miña mente caía a choiva,
lembraba que estaba doído
polo meu triste día a día.

Precisaba a alguén que me entendese,
se a miña familia o soubese, estaría aliviado,
pero non sei se ese sentimento o vivirían,
xa que tan roto estou por dentro.

Sentírame libre, resiliente,
pero nada ronda pola miña mente,
vagaba coma un espírito errante.

As luces da cidade xa non me falan,
os rostros pasan e non me miran,
as palabras perden o seu peso,
e o silencio é o único que me inspira.

Pregúntome se algunha vez volverei sorrir
sen finxir que todo vai ben,
se algún día o corazón deixará de doer
cada vez que lembro o que fun e o que perdín.

A música acompañame,
coma un eco que me entende sen xuízos,
coma unha man invisible que me ergue
cando o mundo pesa demasiado.

Quizais non haxa saída,
ou quizais si, nalgún lugar onde o sol
aínda saiba abrazar as feridas.

E mentres tanto sigo,
entre versos rotos e pensamentos sen dono,
buscando un pouco de luz,
unha voz que me diga:
“Non estás só, estás vivo.”

Mais un día, sen esperalo,
a choiva amainou un pouco,
e entre as nubes vin un reflexo,
un recordo de min mesmo sorrindo.

Non era felicidade plena,
era algo máis pequeno, máis real:
a certeza de que sigo aquí,
de que aínda podo respirar fondo
e volver tentar.

Alguén púxome unha man no ombreiro,
non dixo nada, pero entendino todo.
Hai xestos que curan máis que mil palabras,
hai miradas que reconcilian co mundo.

Aprendín que a dor non é o final,
senón o camiño polo que se chega
a un novo comezo.
E que mesmo no fondo do silencio,
hai unha voz que segue chamando
á vida, ao amor, a ser eu outra vez.

Agora, cando a choiva cae,
xa non me agocho: saio fóra e déixoa mollarme.
Sinto que cada gota leva un pouco do que doe,
e devolve algo limpo, algo certo.

Quizais non sexa quen fun,
pero tampouco quero selo.
Son a versión que sobrevive,
a que loita, a que aprende,
a que cre, outra vez,
que o sol sempre volve,
aínda despois da noite máis longa.

E se mañá volve a choiva,
non terei medo: abrirei os brazos,
porque agora sei
que cada dor trae consigo

...un novo renacer.

CRENZA

Cría telo controlado,
pero estou sen alegría,
meus pais noutro lado,
esperando por filosofía.

Cría que estaba ben,
ata que o mirei,
da decepción me decatei
do mal que estiven.

Cría encontrar tristeza,
pero atopei empatía
disfrazada de desgraza.

Cría que tiña felicidade onde non a había,
cría que tiña seguridade para facelo
e cría que finalmente o pasaría.

IES Muralla Romana
Mikel Elian Pérez Medina
1ºA BAC